




**XUNTA DE GALICIA**

**DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DE PONTEVEDRA**

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria  
Servizo de Inspección Educativa

Avda. Fernández Ladreda 43 - 7º  
36003 PONTEVEDRA  
Tel.: 986 805928-30 Fax: 986 805699  
inspeccion.pontevedra@edu.xunta.es



# **GUÍA PARA A ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS LOMCE EN EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, ESO E BACHARELATO**

**María Ángeles Aramburu Núñez  
José María Alén de la Torre**

**17-xuño-2014  
Versión 1.7**





## **GUÍA PARA A ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS LOMCE EN EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, ESO E BACHARELATO**

### **Índice**

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>5</b>
<b>2. ASPECTOS XERAIS .....</b>	<b>5</b>
<b>3. AVALIACIÓN .....</b>	<b>7</b>
<b>4. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....</b>	<b>8</b>
<b>5. “CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTIDOS, OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN “ E “CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN” .</b>	<b>9</b>
<b>6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>10</b>
<b>7. AVALIACIÓN INICIAL. PROCEDEMENTO. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS. ....</b>	<b>11</b>
<b>8. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES.....</b>	<b>11</b>
<b>9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....</b>	<b>13</b>
<b>10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>13</b>
<b>11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....</b>	<b>13</b>
<b>12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....</b>	<b>13</b>
<b>13. MÍNIMOS EXIXIBLES E ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN.....</b>	<b>14</b>
<b>14. MATERIAS PENDENTES .....</b>	<b>15</b>
<b>15. RECURSOS DIDÁCTICOS .....</b>	<b>16</b>



<b>16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....</b>	<b>16</b>
<b>17. PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS (BAC ART.3.7 ORDE DO 24 DE XUÑO DE 2008) .....</b>	<b>17</b>
<b>18. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN .....</b>	<b>18</b>
<b>19. PROGRAMACIÓN DE AULA .....</b>	<b>19</b>
<b>20. CONCLUSIONES.....</b>	<b>20</b>
<b>ANEXO I: ESTRUCTURA DUNHA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL .....</b>	<b>21</b>
<b>ANEXO II: ESTRUCTURA DUNHA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....</b>	<b>22</b>
<b>ANEXO III: ESTRUCTURA DUNHA PROGRAMACIÓN DE ESO E BACHARELATO.....</b>	<b>23</b>
<b>ANEXO IV: CADRO PARA RELACIONAR CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTIDOS, OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN (ESQUEMATIZACIÓN DA DOCENCIA PRÁCTICA) .....</b>	<b>24</b>
<b>ANEXO V: CADRO PARA RELACIONAR CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CORRECCIÓN (ESQUEMATIZACIÓN DA AVALIACIÓN) .....</b>	<b>24</b>
<b>ANEXO VI: MÍNIMOS ESIXIBLES E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN .....</b>	<b>25</b>
<b>ANEXO VII: FICHA DE SEGUIMIENTO ALUMNADO .....</b>	<b>25</b>
<b>ANEXO VIII: PROPOSTA DE FICHA DE PROGRAMACIÓN DE AULA.....</b>	<b>26</b>



# GUÍA PARA A ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, ESO E BACHARELATO

## 1. Introducción

---

Se as NOF son o documento máis importante para a organización e funcionamento do centro, as programacións son o documento máis importante para o labor fundamental dun centro educativo, levar a cabo o proceso de ensino e aprendizaxe do seu alumnado.

Este documento pretende dar unhas directrices sobre como elaborar unha programación ao mesmo tempo que expón como levar a mesma a aula e facer o correspondente seguimento.

Unha programación é unha previsión do que pretendemos levar a cabo no noso traballo diario co alumnado, polo tanto, é unha planificación e como tal debe entenderse. Calquera actividade profesional precisa dun plan do que se pensa facer, e aínda que é certo que no momento de levar a cabo esta planificación poden xurdir imprevistos ou cuestións que nos fan modificar o noso plan inicial, esa planificación previa é necesaria, máis aínda, no seguimento da propia programación é onde temos que reflectir esas incidencias e introducir os mecanismos necesarios para poder corrixilas. Polo tanto, cando as veces algunhas voces falan de que non é posible elaborar a programación até coñecer o alumnado que vai ser obxecto da práctica docente, responderíámoslles que non só é posible senón necesario, e que o seguimento da propia programación permítenos introducir todos os aspectos fundamentais para adaptarnos ás diferentes cuestións que poidan xurdir.

## 2. Aspectos xerais

---

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fixa unha serie de elementos que deben conter as programacións e que desenvolveremos nas seguintes páxinas. A estrutura que debe seguir unha programación didáctica para Educación Infantil é a que se indica no [Anexo I](#), para Educación Primaria a que se indica no [Anexo II](#) e para a ESO e Bacharelato a que se indica no [Anexo III](#). Aínda que o obxectivo deste documento non é a elaboración de programacións didácticas na FP, sinalar que neste caso existe unha aplicación informática e un procedemento xa establecido.

A estrutura fixada nos [Anexo I \(Infantil\)](#), [Anexo II \(Primaria\)](#) e [Anexo III \(ESO e Bacharelato\)](#) danos un guión para fixar un esquema común de programación didáctica e, polo tanto, debe ser seguido á hora de elaborala. A vantaxe desta forma de actuar é que ofrece tanto a familias como alumnado un esquema común nas diferentes programacións que permite a comprensión e o acceso ás mesmas dun xeito moi sinxelo. **Os apartados Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación e Metodoloxía poden ir xuntos no caso de facerse un cadro que relacione todos eles, e o mesmo con Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias clave, Instrumentos de avaliación e Criterios de corrección.**

Como documento que é unha programación didáctica debe levar unha táboa de contidos, neste caso a proposta, que ten que ser indexada a páxina.



Todo o que se expón nunha programación debe ir dirixido á práctica docente, e non ser un documento puramente teórico e cheo de cuestións abstractas afastadas do labor cotiá.

Tamén é certo que hai aspectos nunha programación importantes, e outros que non o son tanto. Polo tanto, unha programación debe recollelos todos, pero hai algúns apartados que deben ser tratados con máis profundidade, xa que son estes os que están intimamente relacionados co fin último dunha programación que é a práctica docente. Facendo fincapé nesta idea, hai que buscar a práctica e non cuestións teóricas suficientemente coñecidas e que non aportan nada concreto a unha programación. Así por exemplo, falar dos cambios que se producen na adolescencia non é algo que deba ser incluído nunha programación da ESO.

Na mesma liña, unha programación debe evitar a reiteración de cuestións que están en normas de ámbito superior, polo que falar de aspectos coma os obxectivos de etapa fixados no correspondente decreto non procede. De terse que sinalar algunha normativa, cítase a normativa e non se incorpora todo o texto desta.

Hai que ter en conta que unha programación é unha guía e ferramenta de traballo para o docente, ao mesmo tempo que é unha guía para as familias e o propio alumnado, que, entre outros aspectos, lles vai permitir coñecer o que van aprender, como se lles vai exixir e como se lles vai valorar. Lémbrese que as familias do alumnado teñen acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e outros instrumentos de avaliación que se lles apliquen aos seus fillos e fillas. É importante destacar aquí a obxectividade entendida como un dereito, tal e como indica a Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE núm. 225 de 20 de setembro).

Pódese dar o caso de que algunhas observacións que recolle un profesor sexan dificilmente avaliábeis de forma obxectiva, pero precisamente hai que esforzarse en introducir a metodoloxía necesaria para que a valoración final si sexa obxectiva. Así, cando se fai unha valoración do traballo diario na aula, por unha parte realízase unha observación diaria na clase e lévase o correspondente rexistro no caderno do profesor, pero por outra, o traballo diario dun alumno en clase é algo que está suxeito á valoración do profesor, como non podería ser doutra forma. Podemos acudir ás matemáticas para darlle un carácter totalmente obxectivo; e para isto a *lei dos grandes números* ven a dicir que necesitamos ter un número mínimo de mostras, para ter unha distribución gaussiana que amosa obxectivamente canto traballa este alumno en clase ao longo dun trimestre, e isto implica un rexistro diario do traballo de cada alumno na aula; doutra forma se está a avaliar de forma subxectiva. Son neste tipo de cuestións onde temos que facer un esforzo importante, de cara a conseguir unhas boas programacións que cumpran coa dobre función da que falabamos ao comezo.



### 3. Avaliación

---

Cando falamos de cuestións relativas a avaliación hai que distinguir os seguintes conceptos, agrupados de dous en dous pola relación entre eles:

- 1) **PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN:** describe o mecanismo que se vai seguir para realizar a avaliación do alumnado. É dicir, unha descrición de cómo se vai avaliar, como se recuperan as diferentes partes que valoramos, como son as avaliacións extraordinarias, ... Non se trata de falar de avaliación continua, sumativa, ...
- 2) **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:** son a importancia e ponderación que cada un dos instrumentos de avaliación empregados, ten á hora de obter a cualificación final dese alumno ou alumna. É dicir, a fórmula matemática que permite cuantificar a nota que leva un alumno ou alumna, a partir das notas que obtivo nos diferentes instrumentos de avaliación que se empregaron e dos cales existe rexistro escrito.

Aquí é moi importante distinguir os criterios de cualificación que se van a empregar nas diferentes convocatorias: ordinaria, extraordinaria e probas para recuperar materias pendentes. Isto está moi relacionado cos instrumentos de avaliación, polo que debe especificarse que instrumentos de avaliación se van empregar en cada ocasión. Por exemplo, se establecemos que en setembro se valorará o caderno de clase, ou a lectura dun libro, ... haberá que facelo, ademais da acostumada proba escrita. Á hora de cuantificar a nota, se non se fixo deste xeito, non se poden utilizar os criterios de cualificación reflectidos na programación.

- 3) **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:** son as diferentes probas (escritas, orais, ...) que un profesor utiliza para avaliar o alumno. Os instrumentos de avaliación deben ser variados: deben realizarse exames a redactar polo alumno, exames tipo test, exames a completar o dato que falta, probas de resposta múltiple, exames que relacionan materias e/ou ideas (tipo PISA), ... Ao mesmo tempo, deben ser orais e escritos, uns sentado no seu pupitre, outros diante dos seus compañeiros e incluso diante dos alumnos doutras clases.
- 4) **CRITERIOS DE CORRECCIÓN E PUNTUACIÓN:** cada un dos instrumentos de avaliación leva asociada unha valoración cuantitativa de cada unha das partes que o conforman, e, en caso de erros nalgunha delas, a valoración desa parte en función dos erros cometidos ou a metodoloxía empregada. Por exemplo: nunha proba escrita con 10 preguntas na que cada unha vale 1 punto, se o alumno comete un erro, pode valorarse esa pregunta coa metade da puntuación e en caso de haber máis dun erro con cero puntos. Outro exemplo: asignar a cada apartado un determinada valor e subdividir esa puntuación en función de varios criterios, como por exemplo: expresión (30%), relación entre conceptos (30%) e conceptos (40%). Se sempre se aplican os mesmos en función do tipo de instrumento de avaliación empregado (exame tipo test, exame a desenvolver, ...) pódense incluír na propia programación, e de non ser así, deberá anexarse ao instrumento de avaliación empregado en cada momento. Ademais, a puntuación de cada pregunta deberá figurar no instrumento de avaliación.

No caso das reclamacións de alumnado que se envían a inspección, hai que achegar os criterios de corrección utilizados e a valoración de cada parte xunto cos instrumentos de avaliación empregados.



- 5) **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. **Describen aquilo que se quere valorar** e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- 6) **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan **o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina**; deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Polo tanto, temos que establecer un procedemento de avaliación no que indiquemos o que imos valorar en cada convocatoria, así como o procedemento para recuperar cada parte; os criterios de cualificación a empregar para calcular a nota de cada avaliación e nas diferentes convocatorias (1º, 2º, 3º, final, extraordinaria, ...); os instrumentos de avaliación dos que imos servirnos para avaliar as diferentes partes que especificamos no procedemento de avaliación; e os criterios de corrección a empregar neses instrumentos de avaliación. Todo isto, sen perder de referencia os criterios de avaliación que temos na nosa materia, e os estándares de aprendizaxes fixados para verificar que se acadaron os criterios de avaliación.

Unha vez aclaradas todas estas cuestións, cómpre destacar importancia de diferenciar o procedemento de avaliación e os instrumentos doutros conceptos. Por este motivo, estes dous temas se recollerán en apartados diferentes.

#### **4. Introducción e contextualización**

---

Neste apartado farase unha breve descrición daqueles aspectos que coñecemos de antemán que van influír na nosa práctica docente: características que ten o alumno obxecto das nosas ensinanzas, factores relacionados cos espazos concretos nos que se vai desenvolver a nosa práctica docente e que poden influír na mesma. Así por exemplo, á hora de facer unha programación de lingua castelá ou de lingua galega, a lingua predominante entre o alumnado e a contorna é unha variable a ter en conta e polo tanto, a consideración de datos, baseados por exemplo en enquisas é significativa neste apartado. Por outra parte, na elaboración dunha programación de calquera materia os resultados académicos dese alumnado nesa materia en cursos anteriores pode influír nas decisións a tomar para levar a cabo a nosa práctica docente, e mesmo o número de alumnos con esa materia pendente.

Falar de se o centro se atopa no Concello xxx, cunha poboación de xxx persoas, e o sector produtivo máis importante da vila é xxx é irrelevante, así como dos cambios que supoñen para o neno a etapa da súa vida na que se atopa, porque xa o deseño dos currículos ten esta cuestión en conta.

Hai que incluír aqueles aspectos do contorno ou do noso alumnado que poden condicionar o noso labor docente. En definitiva, recolleremos aqueles aspectos que inciden no proceso de ensino e aprendizaxe do noso alumnado.





## 5. “Criterios de avaliación, Contidos, Obxectivos, Actividades, Metodoloxía e Temporalización “ E “Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias clave, Instrumentos de avaliación e Criterios de corrección”

O decreto do currículo parte duns obxectivos de etapa a acadar a través das diferentes materias e ao longo da mesma. Posteriormente, e tal como indica no seu preámbulo o decreto, por cada materia e curso establécense uns criterios de avaliación que marcan os referentes que se pretende que o alumnado debe lograr nese curso e nesa materia.

Tal como indica o decreto, **a partir dos criterios de avaliación** fíxanse os contidos necesarios e os estándares de aprendizaxes. Cada criterio de avaliación vincúlase cun conxunto de contidos e contribúen á avaliar a consecución parcial de un ou máis obxectivos de etapa. Por outra parte, cada criterio de avaliación pode requirir dunha serie de estándares de aprendizaxes, que permiten definir os resultados de aprendizaxe que serven para comprobar se o alumnado acada os obxectivos establecidos ou non. Finalmente, cada estándar de aprendizaxe está relacionado coas competencias clave

Polo tanto, temos dúas partes, unha relacionada cos contidos e outra relacionada cos estándares de aprendizaxe, vinculadas a partires dos criterios de avaliación. Pois ben, a programación debe afondar na concreción destes dous aspectos:

- 1) A partir dos contidos se establecen as actividades que van permitir desenvolvelos, a metodoloxía a empregar e a distribución temporal. Estas actividades e metodoloxía empregaranse despois na programación de aula para planificar a nosa tarefa docente diaria.
- 2) Por outra banda, temos que fixar os diferentes instrumentos de avaliación e os criterios de corrección dos mesmos que permitan aplicar os estándares de aprendizaxe fixados.

Unha posible forma de reflectir todo isto é a que se mostra nos cadros do [Anexo IV \(Contidos, ...\)](#) e [Anexo V \(Instrumentos de avaliación, ...\)](#). Esta forma de programar posibilita fixar as condicións que permiten realizar cambios metodolóxicos na aula.

Seguindo este esquema na elaboración da programación teremos en conta aqueles aspectos que xa están no decreto e concretalos nos respectivos apartados polo profesorado: actividades, metodoloxía e distribución temporal, e por outra parte, instrumentos de avaliación e criterios de corrección.

No caso das disciplinas troncais (Ciencias da natureza, Ciencias sociais, Lingua castelá e literatura, Matemáticas, e Primeira lingua estranxeira) corresponde ao Goberno do Estado a determinación dos contidos comúns, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación; á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle completar e distribuír en cursos os contidos, completar os criterios de avaliación; e os Centros Educativos poderán completar contidos e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios; polo tanto, é importante que, a partir dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, os centros programen as actividades que permitan traballar eses contidos ao tempo que establecen os instrumentos de avaliación e criterios de corrección que permitan avalialos.



No caso das disciplinas específicas (Educación física, Relixión ou Valores sociais e cívicos, e Educación artística) o Goberno do Estado determina os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación; a Comunidade Autónoma de Galicia establecerá os contidos, e completará os criterios de avaliación; e os Centros Educativos poderán completar contidos e deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios; polo tanto, de novo é importante que, a partir dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, os centros programen as actividades que permitan traballar eses contidos e establezan os instrumentos de avaliación e criterios de corrección que permitan avalialos.

Finalmente, para as disciplinas de libre configuración autonómica (Lingua galega e literatura) é a Comunidade Autónoma quen establece os contidos, os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación; e os Centros Educativos poderán completar contidos e configurar a súa oferta formativa, deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios; polo tanto, unha vez máis é importante que, a partir dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, os centros programen as actividades que permitan traballar eses contidos, e establezan os instrumentos de avaliación e criterios de corrección que permitan avalialos.

Compre destacar que o rol do docente implica o deseño de actividades que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados ao “saber facer”, cara ás competencias, é dicir, coñecemento na práctica. Asemade, estas actividades deben ser variadas e axeitadas ás características e ritmos de aprendizaxes do alumnado, e no deseño das mesmas, tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación e corrección que permitan avaliar tanto os resultados de área como o grao de adquisición das competencias acadado polo alumnado.

Falar de todos estes aspectos de forma separada suporía perder a relación entre os diferentes apartados que forman cada un dos mesmos. Este é o motivo polo que deben ir en dúas táboas que os relacionen entre si, esta é a idea do currículo publicado no DOG, e por iso é importante traballar nesa liña. Os dous cadros conforman a parte máis importante da programación, a vez que a máis difícil de realizar, necesítase pois dedicarlle todo o tempo necesario, xa que redundará no noso labor diario de docencia.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Neste apartado indícanse as medidas previstas de atención á diversidade que afecten a todo o grupo: medidas organizativas como pode ser a creación dun agrupamento, dun desdobre, ...

É importante omitir datos concretos que se poidan identificar dentro do alumnado, xa que a programación ademais de ser unha ferramenta de traballo para o docente, tamén é un documento dirixido ao alumnado e ás familias, e polo tanto, indicar que neste grupo hai tres alumnos que tiñan o curso pasado aprobada unha ACS, aínda que non demos os nomes deses alumnos, si que facilmente poden ser identificados polos demais.



Por outra parte, tampouco se trata de facer un discurso acerca das medidas de atención á diversidade que existen, xa que estas son suficientemente coñecidas, están na normativa e polo tanto, non aporta nada a unha programación. O mesmo sucede con frases demasiado xerais como “no momento en que se detecte algún alumno que precise de atención á diversidade o Dpto. poñerá en marcha as medidas de atención á diversidade que estime convenientes”. Este tipo de comentarios non aportan información relevante nin útil.

Finalmente, hai que ter coidado cando se indica que debido á falta de recursos humanos que ten o Dpto. non é posible atender ao alumnado neae da forma en que sería desexable, e logo, comprobar no Documento de Organización do Centro (DOC) que os profesores que integran o Dpto. non chegan ás 20 horas lectivas como é preceptivo en secundaria. O mesmo sucede, en primaria, cando se pon este tipo de frases e o especialista de AL está ocupándose de tarefas que podería facer perfectamente outro compañeiro.

## **7. Avaliación inicial. Procedemento. Directrices e instrumentos.**

---

Con respecto a avaliación inicial, debemos establecer que tipo de instrumento de avaliación imos empregar para valorar de que punto partimos. Unha vez decidido este instrumento, debemos poñer un exemplo do mesmo na programación. En calquera caso, hai que buscar sempre a concreción e evitar frases como “O profesor realizará unha avaliación inicial a principio de curso para ver de que nivel partimos”, non se trata de dicir, que é a avaliación inicial, senón de especificar de que forma a imos levar a cabo nesta materia e neste curso. Se ademais, desexamos valorar puntualmente este instrumento de avaliación teremos que indicar cales son os criterios de corrección a empregar. Un instrumento de avaliación moi usual son as probas escritas tipo test nas que o profesor pregunta acerca de varias cuestións que deron en cursos anteriores e que tiñan que saber.

## **8. Programa de educación en valores**

---

Un aspecto moi importante da actual lei de educación, e que figura entre os seus principios e fins son os valores. Así, no artigo 1, cando fala de principios desta lei, entre outros sinala os seguintes:

c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.

h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

k) A educación para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar.



l) O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

E no artigo 2, cando fala de fins desta lei, cita os seguintes:

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.

e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

g) A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

Polo tanto, estamos a falar de respecto, de igualdade, .. e non de educación viaria, de educación para a saúde, ...; é dicir, non son os contidos transversais.

Por outra parte, a programación en valores ten que ser algo planificado e non accidental, tal e como se desprende de frases como "... no momento en que xurda na aula, aproveitaremos para traballar a tolerancia, ..."; por suposto, que un profesor no momento en que hai un conflito actúa para resolvelo, pero a programación en valores trátase de "Unha serie de actividades planificadas cun obxectivo, contidos e avaliadores que nos permitan comprobar o grao de consecución dos obxectivos". Polo tanto, a programación ten que indicar claramente cales son as actividades que se van desenvolver para traballar os valores. Estas actividades deben indicar que valores se van traballar, que obxectivos pretendemos acadar con esa actividade, explicar cal é o desenvolvemento da actividade e finalmente como imos avaliar a actividade para comprobar en que medida acadamos os obxectivos marcados. E aquí, unha vez máis volvemos a destacar que para medir eses obxectivos, necesitamos uns instrumentos de avaliación, uns indicadores a acadar e comprobar de xeito cuantitativo en que media cumprimos os obxectivos marcados.



## **9. Acci3ns de contribuci3n ao plan TIC**

---

Describiranse aquelas actividades programadas que aporten realmente a pr3ctica necesaria para que o alumnado adquira a competencia dixital, segundo o establecido no plan do centro. Haber3 que coñecer previamente o nivel dos alumnos no manexo das novas tecnolox3as e, de acordo con el, planificar tarefas encamiñadas ao desenvolvemento desta competencia. A concreci3n 3 fundamental, sendo necesario establecer obxectivos, criterios de avaliaci3n e descritores para levar a cabo a avaliaci3n. Evitaremos de novo xeneralizar con expresi3ns como " Faranse presentaci3ns, buscarase informaci3n en internet,..."

## **10. Acci3ns de contribuci3n ao plan de convivencia**

---

Partindo dos obxectivos establecidos neste plan, as acci3ns est3n relacionadas coa metodolox3a e a xesti3n da aula. Por tanto, cando se describe a metodolox3a a empregar, as actividades a realizar en funci3n desa metodolox3a, estableceranse os criterios de avaliaci3n e os descritores ou est3ndares que midan o grao de consecuci3n deses obxectivos do centro.

## **11. Acci3ns de contribuci3n ao proxecto lector**

---

A competencia lectora desenv3lvese desde todas e cada unha das 3reas e materias. A lectura non 3 exclusiva das linguas, nin sup3n traballar simplemente textos literarios ou de ficci3n. Estes son un bo recurso para a motivaci3n e o traballo da lectura extensiva, na que o fin 3, fundamentalmente, gozar da expresi3n art3stica. Mais a compresi3n lectora trab3llase basicamente con textos de todo tipo, continuos e discontinuos, e non necesariamente longos, con t3cnicas de lectura intensiva cuxo fin vai desde a compresi3n global dun texto ata a procura de informaci3n concreta, discriminando o que non cumpre os requisitos. E sempre cunha avaliaci3n deseñada previamente da compresi3n.

## **12. Acci3ns de contribuci3n ao proxecto lingü3stico**

---

A competencia lingü3stica traballarase desde cada 3rea e materia. A expresi3n oral e escrita e a compresi3n oral son a ferramenta b3sica para que a comunicaci3n eficaz na aula estea garantida. Da compresi3n escrita (lectora) falamos no apartado anterior. As outras tres destrezas necesarias para acadar o nivel de competencia lingü3stica nas d3as linguas oficiais teranse en conta nas actividades programadas e sempre con criterios de avaliaci3n, que deber3an ser os mesmos para todas as 3reas e materias. O deseño das actividades e tarefas a desenvolver o alumnado ten que contar co desenvolvemento desta competencia clave, para conseguir os obxectivos establecidos no proxecto lingü3stico do centro.



### 13. Mínimos exigibles e Actividades de reforzo/recuperación

Cando falamos de mínimos exigibles referímonos a que a partir dos estándares de aprendizaxe fixados no decreto, delimitar o mínimo que permitiría considerar que pode darse por superado.

Para entender isto, temos que lembrar a definición de “estándar de aprendizaxe” que é “ a especificación dos criterios de avaliación que permite definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan **o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina**; deben ser observables, medibles e avaliábeis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables”; e é precisamente baseándonos no grao de adquisición dese logro aquí é onde nós temos que fixar que é o mínimo que ten que “saber facer” nese estándar para dar por adquirido o mínimo nel.

Para representar isto, utilizaremos unha táboa que recolla todos e cada un dos estándares de aprendizaxe fixados no currículo, e na columna contigua indicar cal é o mínimo que nós consideramos que debe ter para dalo por válido.

Isto podería ir como unha columna máis no cadro que se mostra como [anexo V](#) desta guía, pero quizais non sexa doado introducir unha columna máis, sen engadir certa dificultade na lectura deste cadro. Polo tanto, utilizaremos un cadro como o amosado no [anexo VI](#) onde aínda que neste caso so nos interesa o Estándar de aprendizaxe, volvemos a indicar o Criterio de avaliación xa que este é o elemento central que nos permite unir a docencia en si mesma coa avaliación. Dito doutra forma, o [anexo IV](#), que representa a docencia práctica, co [anexo V](#) que esquematiza a avaliación.

É importante, ter en conta que este cadro é idóneo á hora de facer o seguimento individualizado do alumnado, xa que de novo engadindo outra columna que indique se ese estándar foi adquirido ou non, ou indicando o grao de adquisición, pódese despois aplicar un plan de reforzo e recuperación persoal facendo fincapé nos aspectos aos que non se chega ao mínimo establecido. Proponse un ficha de seguimento de avaliación do alumnado no [anexo VII](#) que incluso podería ser informatizada nunha folla de cálculo, en lugar de ter en papel, de xeito que para cada alumno existira unha folla dentro do libro que englobaría a todo o grupo.

A partir de aquí, é moi sinxelo establecer un **plan de reforzo individualizado**, que consistiría en coller aqueles estándares de aprendizaxe que o alumnado non foi quen de demostrar que é capaz de realizar, e incorporar as actividades de reforzo establecidas. Desesta forma as actividades de reforzo que van na programación, convértense nun plan de reforzo individualizado para cada alumna ou alumno.

Tal como veremos no seguinte apartado, esta mesma metodoloxía é a que aplicaremos co alumnado con materias pendentes ou suspensas de cursos anteriores.



## 14. Materias pendentes

---

Neste apartado englobanse:

- a) As Actividades de recuperación e os reforzos para lograr a dita recuperación (en EP) de materias non superadas en cursos anteriores
- b) Os Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor (na ESO)
- c) Os Plans de traballo para superación de materias pendentes (na ESO)
- d) As Actividades de seguimento das materias pendentes (no BAC)
- e) Os Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes

A partires dos estándares de aprendizaxe non demostrados dos que se falou no apartado anterior o profesorado deberá establecer un programa de actividades para que o alumnado poida adquirilos. Cando se trate de alumnado repetidor, estas actividades deberían servir como reforzo para lograr adquirir “o saber facer” nas que o curso anterior tivo dificultades, e se estamos a falar de alumnado con materia pendentes estas actividades servirán para que o alumno ou alumna poida traballar nos aspectos que máis dificultades tivo o curso pasado. O programa de actividades que se inclúa na programación ha de incluír todas as actividades que un alumno ou alumna que non demostrara o mínimo en ningún estándar de aprendizaxe debería acadar, e despois, en función do informe persoal que se teña de cada alumno ou alumna, realizará unha actividades ou outras. Dito conxunto de actividades deberá incorporar unha planificación temporal.

Nos casos, onde, debido aos recursos humanos de que dispón o centro, si existe atribución horaria par realizar este tipo de actividades, o mecanismo é o mesmo, indicando cal é o programa de actividades e a temporalización asociada.

O programa de actividades establecido para cada alumno ou alumna, deberá ser obxecto de seguimento individualizado polo profesorado, polo que un cadro descrito no apartado anterior “Mínimo exixibles” pode ser moi útil.

Finalmente, hai que indicar cales van ser os instrumentos de avaliación empregados e os criterios de cualificación utilizados para decidir se o alumno recuperou a materia pendente ou non, e cal é a súa cualificación. Esta descrición hai que facela tanto para a convocatoria ordinaria de pendentes como para a extraordinaria.





## 15. Recursos didácticos

---

Neste apartado temos que indicar cales son os materiais dos que nos imos servir para impartir as nosas clases. Polo tanto, debería incluír os libros de texto, os enderezos das páxinas web que empregaremos, ...

Chegamos polo tanto ao tema dos libros de texto, e aquí cómpre facer unha pequena reflexión. Hoxe en día, cos recursos en liña que o profesorado ten ao seu alcance, recursos que pode imprimir (para non depender da existencia de ordenadores tanto nas casas do alumnado, como en todas as aulas), modificar, adaptar, seleccionar, ... pode resultar interesante reflexionar sobre se é necesario fixar un libro de texto ou non. É unha competencia dos docentes, e polo tanto, non podemos refuxiarnos indicando que as familias os demandan, .. Somos nós quen debemos saber se os necesitamos ou non, se cumpren coa forma en que temos pensado levar a cabo a materia a través das diferentes actividades que temos planificadas, se non nos sería máis útil recompilar dende diversos fontes material diverso que se adapta máis ao que temos pensado facer. Con frecuencia obsérvase, que é o libro de texto quen dirixe a práctica docente, e impide ao profesor desenvolver o seu labor como el estima máis correcto; o emprego dos libros de texto con frecuencia limita o tipo de exercicios e tarefas que realiza o alumnado e finalmente, é frecuente atopar que os libros de texto non se adaptan ao currículo do que temos que dar, e acabamos someténdonos ao previsto polo libro para ter unha guía. Por outra parte, e para evitar algúns dos problemas expostos, tamén as veces se fixa un libro de texto que despois se emprega en contadas ocasións, e resulta que se investiu uns cartos que supoñen unha cantidade moi alta tanto para as familias como para a propia comunidade autónoma, para o uso que realmente se lle da. En definitiva, todas estas cuestións deben valorarse e terse en conta á hora de escoller os recursos que se van a empregar, e pensar que as veces o esforzo que supón cambiar este tipo de dinámicas, é moi grande o primeiro ano, pero non nos sucesivos.

## 16. Actividades complementarias e extraescolares

---

Neste apartado deben incluírse tódalas actividades complementarias e extraescolares que se consideran axeitadas para a comprensión dos contidos expostos. Por iso, na programación didáctica deben fixarse para cada actividade planificada cales son os obxectivos da actividade, explicar cal é o desenvolvemento da actividade e finalmente como imos avaliar a actividade para comprobar en que medida acadamos os obxectivos marcados. Reiteramos, unha vez máis que para medir eses obxectivos, temos que buscar uns instrumentos de avaliación, uns indicadores a acadar e comprobar de xeito cuantitativo en que media cumprimos os obxectivos marcados.

Moitas veces poden xurdir actividades ao longo do curso, que non estaban previstas inicialmente. O procedemento é o mesmo, planificar a actividade indicando cales son os obxectivos, explicar o desenvolvemento da mesma e finalizar coa avaliación, indicando a súa contribución á adquisición das competencias clave. Neste caso, na memoria final de curso incluírase tal cuestión. En calquera caso, hai que ser moi selectivos coas actividades que se realizan ao longo do curso, xa que nalgúns casos se observa que a cantidade realizada repercute no tempo do que se dispón para impartir o currículo fixado.





## 17. Procedementos para acreditar os coñecementos previos (BAC art.3.7 Orde do 24 de xuño de 2008)

No caso de materias de 2º Bacharelato que precisan de ter cursado unha determinada materia de 1º Bacharelato, a Orde do 24 de xuño de 2008 establece no seu artigo 3º.7 que “Será preciso acreditar os coñecementos previos que se indican para ser avaliado nas materias seguintes: física, química e electrotecnia de segundo, precisarán de física e química de primeiro; bioloxía e ciencias da terra e ambientais de segundo, precisarán de bioloxía e xeoloxía de primeiro. Esta acreditación poderá realizarse cursando e aprobando a materia correspondente de primeiro ou a través do procedemento establecido para tal efecto polos departamentos didácticos correspondentes; procedemento que consistirá na superación dunha proba específica ou no desenvolvemento e superación de traballos que versarán sobre aqueles contidos incluídos nas correspondentes materias de primeiro e dos que parten as citadas materias de segundo”, e tal como indica o artigo 7º.9 “Os departamentos didácticos organizarán o proceso de acreditación dos coñecementos previos das materias que así o precisen, segundo o establecido no artigo 3º.7 desta orde”, polo tanto, na programación didáctica deberá indicar cal será o procedemento a seguir.

Hai que ter en conta que a Orde do 5 de maio de 2011 establece no seu artigo 4º, *Elección no segundo curso de materias de modalidade que precisan da acreditación de coñecementos previos*, que:

“1. O alumnado poderá cursar en segundo materias que precisen da acreditación de coñecementos previos dalgunha materia non cursada en primeiro.

Esta acreditación poderase realizar cursando simultaneamente a materia de primeiro coa cal se vincula ou mediante o procedemento establecido para as materias previstas no artigo 3 da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 2.2 da Orde do 23 de xuño de 2009 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato.

2. No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable para efectos de modificar as condicións en que o alumno promocionou ao segundo curso.

Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentas e o departamento didáctico que a imparte proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

Será requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado na materia de segundo.

3. A acreditación dos coñecementos previos terá como único efecto habilitar para cursar e ser avaliado na materia de segundo cando se logre mediante o procedemento establecido para as materias previstas no artigo 3 da Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 2.2 da Orde do 23 de xuño de 2009 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato.



Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia, segundo o modelo do anexo I (ver Orde do 5 de maio de 2011), no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, no informe persoal por traslado.

A cualificación ou o resultado obtido por este procedemento non se terán en conta para o cálculo da nota media do bacharelato.

En ningún caso se poderá considerar superada esta materia para efectos do cumprimento das seis materias de modalidade exhibibles para a obtención do título”

En definitiva, na programación didáctica o Dpto. deberá indicar o procedemento a seguir, o que en moitos casos, ven a ser o emprego dun instrumento de avaliación mediante unha proba escrita na que o alumno ten que demostrar eses coñecementos previos. Obviamente, esta proba deberá ir acompañada dos correspondentes criterios de corrección e puntuación.

## **18. Procedementos para avaliar a propia programación**

O último apartado de calquera programación debe ser a avaliación, e resulta sorprendente comprobar como os docentes, que dedicamos gran parte do noso tempo a avaliar ao noso alumnado, con frecuencia non somos quen de facer unha avaliación obxectiva do noso traballo.

Para facer unha avaliación primeiro identifícase o que queremos medir. Temos que saber que cuestións son interesantes medir para mellorar a nosa práctica docente do vindeiro curso ou mesmo dos vindeiros trimestres. Unha vez que sabemos isto, fixaremos uns instrumentos de medición (ou de avaliación) que nos permitan medir eses aspectos, e fixarnos uns obxectivos a acadar.

Avaliar e non acadar o obxectivo non é malo, é unha oportunidade de mellorar. Se non medimos, non somos quen de saber o mal ou ben que estamos a facer un determinado proceso, e polo tanto, non podemos mellorar.

Por outra parte, avaliar non é medir ao final de curso, senón día a día, mes a mes, avaliación a avaliación e finalmente a valoración final. Cando facemos estas avaliacións previas á valoración final, temos a oportunidade de poder corrixir aquilo que non vai segundo o previsto e buscar (“algo moitas veces complexo, pero necesario”) a forma de chegar ao noso obxectivo.

Finalmente, temos que ter escrito este seguimento e avaliación parcial e final da programación. Isto axudaranos a organizar o noso traballo de cara a ese curso, e a vindeiros cursos.

Con respecto ás cuestións a avaliar, teremos en conta que debemos buscar instrumentos que nos permitan facer valoracións obxectivas, e evitar valoracións cualitativas que non deixen de ser subxectivas e abstractas.



Exemplos de cuestións a avaliar da propia programación, poden ser a distribución temporal, cuestión moi difícil de planificar a primeira vez que se da unha materia, pero que grazas a avaliación diaria dese aspecto, podemos chegar a realizar mellores aproximacións, entendendo que o alumnado varía ano a ano, aínda que as variacións que podemos ter se seguimos esta forma de traballo teñen unha dispersión menor. Outro aspecto interesante a valorar son as propias actividades que desenvolvemos no día a día, e das que podemos sacar conclusións sobre se contribuíron ou non á comprensión do tema que queríamos traballar, e, en caso negativo, buscar de cara ao futuro outras actividades que melloren esta comprensión.

Para levar a cabo todo isto, é necesario realizar unhas fichas de seguimento das cuestións que se desexan avaliar da programación. Nesas fichas deben existir uns obxectivos a acadar en diferentes momentos ao longo do curso, e o obxectivo final desexado. Asemade, incluirán un espazo para reflectir o punto no que nos atopamos, para poder comparalo co obxectivo; e, en caso de non chegar ao obxectivo, precisamos dun espazo para poder deixar constancia dos motivos que nos levaron a non poder cumprilo e que medidas imos introducir para chegar a tempo de acadar o seguinte obxectivo parcial. Estas táboas son realmente importantes e son as que nos permiten facer unha auténtica avaliación da programación.

## **19. Programación de aula**

---

Unha vez realizada a programación, o profesorado ten que planificar a súa actividade diaria no que se chama a programación de aula, e aquí é onde hai que vincular esa programación de aula co punto da programación didáctica coa que está relacionada. Este é o motivo polo que indicamos Criterios de avaliación e Contidos, xa que desa forma temos localizado dentro da programación o que imos impartir ese día na aula. Para poder facilitar esta tarefa propoñemos no [anexo VIII](#) un ficha que pode ser usada como modelo de programación de aula. Asemade, esta ficha tamén pode ser usada como base para a preparación de actividades relacionadas coa programación de educación en valores, actividades complementarias e extraescolares, ...

Nos casos en que se traballe por UDI (Unidades didácticas Integradas) ou Proxectos, a programación de aula ten que ser capaz de relacionar o que imos levar a cabo ese día na aula, con criterios de avaliación e contidos pertencentes a varias materias. O modelo de programación de aula proposto válenos igual con tal de poñer os diferentes Criterios de avaliación e Contidos das diferentes materias precedidos dunhas siglas que identifiquen a materia colocados entre parénteses.



## 20. Conclusións

---

O obxectivo que tivemos en mente á hora de facer esta guía é a de fixar a estrutura dunha programación didáctica, ao tempo que aclarar o contido dos diferentes apartados desa estrutura. Por outra parte, e esta é a nosa maior intención, é o de converter as programacións didácticas en elementos útiles para a práctica docente. Ademais, isto fará máis sinxelo a elaboración das ACS, ao tempo que será máis doado levar á práctica docente das mesmas.

Non é o obxecto deste documento valorar se algúns apartados que forman parte dunha programación didáctica deben ir ou non, simplemente expón o que indica a normativa e o que a Consellería establece que deben levar as programacións didácticas. Ao mesmo tempo, non pretende valorar se o contido do currículo está ben ou non, simplemente é o currículo que temos que impartir, e polo tanto, o noso labor debe centrarse sobre todo na metodoloxía máis acertada para traballar ese currículo. Aquí de novo non debemos esquecer que os libros de texto existentes son os que deben adaptarse ao currículo, e non ao revés, e polo tanto, o profesorado non ten que tentar dar os diferentes contidos que se expoñen nun libro de texto, senón os que se indican no currículo.

É certo que o traballo proposto pode supoñer un esforzo importante ao comezo, pero tamén é certo que os beneficios a longo prazo e a utilidade real suporán unha gran satisfacción para o profesorado ao facilitarlle o seu traballo, a organización do mesmo, o seguimento do alumnado, e en definitiva a sensación reconfortante de que o seu traballo é útil e non un trámite administrativo. Para conseguir a implicación dun profesional nun traballo é necesario que se entenda o fin e a filosofía do mesmo, como hai que facelo e comprender o funcionamento para podermos chegar a atopar os beneficios que nos vai reportar, isto foi o que pretendemos transmitir á hora de facer esta guía.

Este documento foi elaborado ao abeiro do artigo 151 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) (BOE núm. 106, de 4 de maio) modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (BOE núm. 295, de 10 de decembro) na que se indica que unha das funcións da inspección é a de “Asesorar, orientar e informar os distintos sectores da comunidade educativa no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas.”



## ANEXO I: Estrutura dunha programación de Educación Infantil

EDUCACIÓN INFANTIL				
cd. centro		Centro		Concello
Curso				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	
Índice	Páxina
Introdución e contextualización	
Criterios de avaliación, Contidos, Obxectivos, Actividades, Metodoloxía e Temporalización	
Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias clave, Instrumentos de avaliación e Criterios de corrección	
Procedementos de avaliación	
Medidas de atención á diversidade	
Concreción do plan TIC	
Concreción do plan de convivencia	
Recursos didácticos	
Procedementos para avaliar a propia programación	



## ANEXO II: Estrutura dunha programación de Educación Primaria

EDUCACIÓN PRIMARIA				
cd. centro		Centro		Concello
Curso				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – CURSO	
Índice	Páxina
Introdución e contextualización	
Criterios de avaliación, Contidos, Obxectivos, Actividades, Metodoloxía e Temporalización	
Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias clave, Instrumentos de avaliación e Criterios de corrección	
Procedementos de avaliación	
Criterios de cualificación	
Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial	
Medidas de atención á diversidade	
Programación da educación en valores	
Accións de contribución ao plan TIC	
Accións de contribución ao plan de convivencia	
Accións de contribución ao proxecto lector	
Accións de contribución ao proxecto lingüístico	
Mínimos esixibles e Actividades de reforzo/ recuperación	
Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto	
Actividades complementarias e extraescolares	
Procedementos para avaliar a propia programación	



### ANEXO III: Estrutura dunha programación de ESO e Bacharelato

ESO/BACHARELATO				
cd. centro		Centro		Concello
Departamento				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA-DEPARTAMENTO ESO-BAC	
Índice	Páxina
Introdución e contextualización	
Criterios de avaliación, Contidos, Obxectivos, Actividades, Metodoloxía e Temporalización	
Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Competencias clave, Instrumentos de avaliación e Criterios de corrección	
Procedementos de avaliación	
Criterios de cualificación	
Procedementos para a realización da avaliación inicial (na ESO)	
Medidas de atención á diversidade	
Programación da educación en valores	
Accións de contribución ao plan TIC	
Accións de contribución ao plan de convivencia	
Accións de contribución ao proxecto lector	
Actividades complementarias e extraescolares	
Mínimos esixibles e Actividades de reforzo/recuperación	
Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor (na ESO)	
Plans de traballo para superación de materias pendentes ( na ESO)	
Actividades de seguimento das materias pendentes (no BAC)	
Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes	
Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto	
Procedementos para acreditar os coñecementos previos (BAC art.3.7 Ord.24/06/2008)	
Procedementos para avaliar a propia programación	